

<http://eipcp.net/transversal/1007/jordan/es>
Tomando Notas al caminar (sobre cómo romperle el corazón al Imperio)

É un día cálido de Outubro, se cadra demasiado cálido para poder chamarlle outono; un deses días nos que te preguntas se o cambio climático non acabará por obrigarnos a dar novos nomes ás estacións. Pedíuseme escribir unha resposta ao vídeo de Marcelo Expósito, *La imaxinación Radical (carnavales de resistencia)*¹, que trata do Carnaval contra o Capital que tivo lugar o 18 de Xuño de 1999 en Londres e ao longo e ancho de todo o mundo coincidindo coa reunión do G-8 en Colonia.

Decidín camiñar antes de escribir, volver a poñer os pés nesas rúas nas que unha vez levantamos unha Utopía momentánea, volver situar o meu corpo no distrito financeiro londiniense, a área na cal a maior parte dos días do ano resoa o zumbido do pillaxe lucrativo no que durante unhas poucas horas de este histórico día resoaron os ecos do xogo e o pracer subversivos.

O 18 de xuño, coñecido como 18-X, mudou moitas cousas: radicalizou a milleiros de individuos, inspirou a organización de Seattle, facendo crer que podía forzar a cancelación do cumio da Organización Mundial do Comercio (o que sucedeu cinco meses máis tarde, significando quizais o principio do fin do proxecto neoliberal²; fortaleceu a rede de resistencia global que comezaba (ese día tiveron lugar accións simultáneas en corenta países) e axudou a saír ao “movemento de movementos” da sombra á luz. Foi un deses

1 <http://www.shedhalle.ch/eng/archiv/2005/karnevaleske/thematische_reihe/projekte/exposition/index.shtml>, <<http://www.hamacaonline.net/obra.php?id=244>>.

2 Emmanuel Wallerstein sitúa o fin do modelo neoliberal, que arranca nos anos setenta, no fracaso das negociacións durante o cumio da OMD en Cancún en 2003. Véxase o seu «Cancun: The Collapse of the Neo-Liberal Offensive» (<http://fbc.binghamton.edu/122en.htm>).

acontecementos que conseguen tocar un punto de acupuntura histórico, unha acción perfectamente planificada e orientada que logrou cambiar moito con moi pouco.

Pero pasaron seis anos, o grupo que iniciou o 18-X, Reclaim the Streets³, xa non existe, tense partido por causa da criminalización mediática, a represión estatal e as divisións internas. O movemento de movementos contra o neoliberalismo que alcanzou prominencia tralo 18-X tivo os seus altibaixos en todo o mundo, desde o éxito das fábricas ocupadas e autoxestionadas en Arxentina ata o terror de Estado e o baño de sangue en Xénova, desde o rexeitamento de masas ás privatizacións en Bolivia ata o fracaso da manifestación global máis grande que se organizou a nivel mundial, o 15 de febreiro de 2003, para tratar de impedir a guerra en Irak; das enormes reunións de rebeldes nos Foros Sociais Mundiais ata a represión preventiva da disensión que deu un xiro absurdo cando o FBI engadiu o «carnaval contra o capital» á súa lista de grupos terroristas máis buscados (malia que, obviamente, o Carnaval contra o Capital non é un grupo, senón soamente unha táctica utilizada por moitos grupos). O sentimento de esperanza que xurdiu entre os movementos de acción directa durante a última década parece que se viu cambiado ata certo punto pola aprehensión, xa que o noso mundo parece achegarse ao bordo dun escenario de apocalipse bíblico, con guerras, revoltas, inundacións, terremotos, masacres, desxeos, unha enorme crise enerxética pendente e unha pandemia global que continúa.

Mentres camiñaba polas rúas da City tentaba imaxinarme como recrear ese día: sería posible volver traer aquí 10.000 rebeldes enmascarados nun venres laboral? Camiñei ao longo do London International Futures Exchange (LIFFE), protexido polas súas enormes portas de aceiro, instaladas poucas semanas despois que de tapiásemos simbolicamente unha das súas entradas con ladrillos e cemento, mentres se rebentaba a outra. Lembrei uns punks bébedos desaparecendo a través do cavernoso oco de ventilación do edificio; mirei cara arriba, ao balcón desde o que algúns empregados de negocios, nun marabilloso *détournement* da acción de Abbie Hoffman na Bolsa de Nova York nos sesenta⁴, lanzaron fotocopias resgadas de billetes de 50 libras esterlinas sobre as cabezas da masa desobediente. E deime conta, cun sentimento derrotista, de que todo iso parece completamente imposible de repetirse hoxe.

Hoxe en día, unha convocatoria para un Carnaval contra o Capital en Londres case nin sería escoitada, moi pouca

3 Para unha historia dos inicios de Reclaim the Streets, véxase John Jordan, “The Art of Necessity. The Radical Imagination of Anti-Road Protest and Reclaim the Streets”, en George Mackay (ed.), *DIY Culture: Party and protest in 90's Britain*, Verso, Londres e Nova York, 1999 [versión castelán: “El arte de la necesidad”, en Paloma Blanco, Jesús Carrillo, Jordi Claramonte e Marcelo Expósito (eds.), *Modos de hacer. Arte crítico, esfera pública y acción directa*, Ediciones Universidad de Salamanca, Salamanca, 2001].

4 En 1967, o extraordinario activista artístico Abbie Hoffman e unha banda que pronto serían coñecidos como Yippies lanzaron unha chuvia de centos de dólares falsos no interior da Bolsa de Nueva York proclamando a “morte do diñeiro” e provocando unha frenética loita polos billetes entre os empregados da institución.

TOMANDO NOTAS AO CAMIÑAR (SOBRE COMO ROMPERLLE O CORAZÓN AO IMPERIO)

JOHN JORDAN

xente dedicaría outro ano da súa vida para organizalo, só un puñado de persoas asistirían e esta vez a policía botaría-senos enriba antes de que se secura a tinta dos panfletos. De todos os xeitos, ocupar e causar danos á propiedade privada nun centro financeiro xa nunca terá o mesmo significado despois do solleiro día de setembro en que dous avións foron dirixidos contra o corazón do mesmo distrito financeiro de Nova York. Non crer que todo iso puidese ser posible de novo foi un sentimento estraño, dalgunha maneira un sentimento de derrota, de fracaso, porque á fin e ao cabo era o feito de superar o que os «realistas» pensaban que era posible, de vencer ao mundo dos feitos, de crer na realidade dos nosos desexos, de transformar as nosas imaxinacións radicais nunha acción radical, o que estaba na raíz desa protesta carnavalesca. O 18-X prefigurou no presente o noso futuro imaxinado, o cal, como nas mellores visións utópicas, negouse a fuxir da historia cara a algún tipo de fantasía futurista, cambiando máis ben a propia historia, intervindo no presente. O carnaval non consistía tanto nunha protesta como na creación doutro tipo de vida, unha poética da vida.

Promover o esquecemento

Londres foi a primeira cidade construída nunhas dimensións tales que se vivían no centro non podías alcanzar os seus confíns camiñando, é dicir, non podías alcanzar a pé o campo. Durante centos de anos, os cidadáns e cidadás desta cidade viviron a súa vida esquecendo que a natureza existe. Foi quizais a primeira metrópole moderna que incorporou nas súas pedras e rúas o gran engano da civilización: o acto de esquecer a súa dependencia do mundo natural. Un engano que provocou a caída de máis dun imperio. Dos romanos aos antigos maías, das culturas polinesias aos anasazi do suroeste estadounidense: todos eles caeron en parte por exceder as súas capacidades ecolóxicas.

O 18-X tivo lugar no val do actualmente enterrado río Walbrook, un río pequeno pero de rápido fluír ao redor do cal se construíu a cidade de Londres. Enterrado no século XIII, estes fluídos e esquecidos cimentos da cidade, a súa ecolóxica e mítica pedra fundacional, tiveron a súa segunda oportunidade cando o río foi simbolicamente liberado durante o entroido mediante a apertura dunha boca de rega, deixando que o chorro de auga rexurdise alcanzando unha altura de vinte metros en dirección ao caloroso ceo estival.

O acto aparentemente sinxelo de «desenterrar o Walbrook» reuniu moitos elementos nun xesto estético e político exitoso⁵. A súa función práctica era refrescar os corpos acalorados polo baile, a súa función rebelde era alagar de persoas o próximo edificio LIFFE, a súa función estética consistía en producir un espectacular pano de fondo acuoso que simbolizase o caos e a liberación entre os edificios aparentemente inmutables da City; e finalmente, aínda que non en último lugar de importancia, servía para lembrarnos o mundo natural que está enterrado en cemento baixo os nosos pés. O ruxir da auga e o ouveo épico da risa burlona que xurdiron ese día das rúas lembráronnos que a nosa sociedade está construída sobre o acto brutal de silenciamento do mundo natural e que a súa existencia sostense sobre a promoción do esquecemento: esquecer os actos de resistencia, esquecer os nosos vínculos coa terra, as plantas, o aire, a auga; esquecer os nosos fráxiles corpos carnosos, esquecer que todo cambia, que todo morre e que nada é estable nin eterno, nin sequera o imperio. E con tanto esquecer, quizais mesmo nos esquezamos de desexar un mundo mellor.

Os entroidos de resistencia, cos seus corpos grotescos desatados, o seu rexeitamento absoluto das xerarquías e da división entre actores e espectadores, a súa insistencia na participación total, o seu caos creativo impredecible, o discorrer da multitude fluída e sen leis, enfróntanos cara a cara, ou mellor dito cu con cu, con todo aquilo do que a nosa sociedade abxura e necesita controlar. Todo o que o capitalismo quere que esquezamos. Os entroidos son transitorios pola súa propia natureza, e rinse de quen se esconde tras a fachada do que pretende ser permanente; pero, aínda así, paradoxalmente, deime conta de que quería que as xeracións futuras lembrasen este entroido en particular, que lembrasen que tales actos de audacia imaxinativa son os que provén de entusiasmo aos movementos rebeldes, que lembrasen que as imaxinacións radicais poden desbordarse desde as mentes, os cadernos de notas, os espazos da arte, cara ás rúas.

O 18-X deslízase suavemente cara á confusión do esquecemento que esta cidade sabe xerar tan ben. Londres é rica en historias de rebelións creativas, moitas das cales foron visionarias para a súa época. Das revoltas campesiñas que esixían o fin da vasalaxe e o compartir do común («all things in common») tan cedo como no século XII, ás extraordinarias seitas que participaron nas guerras civís do XVII, como os Ranters, coa súa forma orixiástica de comunidade extática que promulgou que as tabernas da cidade eran «a verdadeira casa de Deus», e quen creou mediante «a paridade, a igualdade e a comunidade» un espazo «de amor e paz universal e liberdade perfecta» aquí e agora⁶. Das militantes sufraxistas douscentos anos despois, as cales cos seus elegantes sombreiros e longos vestidos brancos sorrían mentres lanzaban pedras aos bancos e vitrinas dos comercios, queimando igrexas e casas de membros do Parlamento, aos acontecementos que inspiraron en parte o propio 18-X: As accións *Stop the City* que a comezos dos anos oitenta reunían elementos dos movementos punk e pacifista para apuntar cara ao distrito financeiro; un momento que practicamente xa se perdeu na historia. Da mesma maneira que o metabolismo voraz de Londres finxe que a natureza xa non existe, tamén nos quere facer crer nunha historia homoxénea libre de rupturas, de fisuras que abran a posibilidade de que as imaxinacións radicais se transformen en actos de resistencia concretos.

Londres apenas se percibe como unha cidade occidental revolucionaria, ao contrario do que sucede con París, Praga ou Barcelona. É a cidade da tradición, a monarquía e a inmutabilidade, do capital e do imperio. Camiñando polo distrito financeiro tentei atopar pegadas do 18-X. O entroido non autorizado veu e foise. Permanece nas memorias dos que nel participaron, atopou eco naqueles individuos que nos movementos leron algo do pouco que se escribiu⁷ e en quen oíu historias ou anécdotas, pero que queda na estrutura real desta cidade do esquecemento? Quedará algo cando as historias se desvanezan, cando os poucos libros e vídeos se perdan nos labirintos das librerías e cando os corpos que bailaron nel se descompoñan e retornen á terra? Por suposto que non hai estatuas nin placas conmemorativas que sinalen os actos que reverteron as narrativas dominantes da historia. Os que teñen a autoridade saben que non só se trata de vencer fronte ás rebelións, senón que tamén teñen que animar, aos que hoxe se revelan, a esquecer as vitorias de onte. A función do poder é persuadirnos sempre de que as nosas accións son completamente inútiles.

Durante o 18-X os grafitis deslustraron as perfectas e limpas fachadas financeiras. Anos despois podía-se ver que quedaba un minúsculo residuo de grafiti. Pero o ano pasado desapareceu mesmo esa exigua reliquia. Así que percorrín a City

5 O estudo dos ecosistemas ensínanos que nun sistema complexo os elementos máis importantes son os que cumpren numerosas funcións: as follas das árbores capturan enerxía e humidade, producen sombra, fertilizantes, dióxido de carbono e protexen do vento, por enumerar só algunhas das súas tarefas. Os actos de resistencia creativa seguen esta regra, e durante o 18-X moitos elementos foron deseñados para cumprir múltiples funcións. É o caso das famosas 8.000 máscaras de cores que, á vez que ocultaban a identidade de quen as levaba, incorporaban textos de propaganda e servían de ferramentas coreográficas para dividir en grupos e facer avanzar a multitude.

6 Véxase Harper Clifford, *Anarchy – a graphic guide*, Camden Press, Londres, 1987.

7 Véxase Notes From Nowhere, *We are everywhere: the irresistible rise of global anticapitalism*, Verso, Londres e Nova York, 2003 (<http://www.wereverywhere.org>).

rastrexando as paredes en busca de pistas, buscando vestixios de resistencia; e sobre unha áspera parede de ladrillo preto do LIFFE distinguín unha gran mancha tenue de cor amarela, máis ou menos dun metro de diámetro, coa forma do clásico símbolo anarquista: o círculo e o A.

A historia deste popular símbolo documentouse pouco. Popularizado polos movementos punk de finais dos setenta, o máis probable é que na súa orixe representase a máxima de Proudhon «A anarquía é a orde», e de aí a A dentro dunha gran O. Representaba así unha crenza fundamental do anarquismo: que o goberno é o caos, mentres que a verdadeira orde residiría nunha sociedade de cooperación voluntaria na que a xente se respectase mutuamente, “naturalmente”, na súa liberdade. Agora, “o círculo e o A», cos seus ecos de c@os, adórnan todo: desde fondos de teléfonos móbiles ata camisetas compradas nas cadeas comerciais de High Street. Parece afastarse moito da máxima de Proudhon. Nunca me gustaron os símbolos políticos, lémbrenme demasiado ás marcas. Pero este ano decidín poñerme un pin que un amigo me fixo. Mostra un símbolo novo aínda que se parece a outro vello, un símbolo que comezou a proliferar recentemente: unha A rodeada dun corazón en lugar dun círculo. Para min, é un símbolo que encaixa moito mellor coas novas filosofías políticas emerxentes que o 18-X axudou a prefigurar.

Substituír o O de «orde» por un corazón paréceme que é de todo apropiado para un símbolo que quizais reflecta o novo radicalismo das redes fluídas dos movementos globais que emerxeron durante a última década. A palabra Orde ten a súa raíz no latín «ordo», que significa fila, serie, rango: algo irrelevante para un movemento que pensa e actúa en redes, que rexeita marchar en liñas rectas, que ao contrario prefere bailar e xurdir a través das rúas situando a creatividade e o pracer no centro da súa política. O corazón fala de corpos orgánicos, de sentimentos, de acción afectiva, de desexos: e quizais dun movemento que está a comezar a lembrar como amar.

Elixir amar

Falar de amor no interior da rixida cultura política dos movementos radicais ou no ambiente cool e á última do mundo da arte resulta sempre incómodo. Pero como di bell hooks dunha forma ben fermosa no seu ensaio *Love as the Practice of Freedom*, «o non prestar unha atención constante ao amor nos círculos progresistas resulta do fracaso colectivo á hora de recoñecer as necesidades do espírito, quedando así sobredeterminados pola énfase que se pon nos asuntos materiais. Sen amor, os nosos esforzos para liberarnos a nós mesmas e ás nosas comunidades da opresión e da explotación están condenados. Mentres rexeitemos recoñecer en toda a súa importancia o lugar que o amor debe ocupar nas loitas pola liberación non seremos capaces de crear unha cultura do cambio que produza un afastamento masivo da ética da dominación»⁸. O abrazo incluínte do carnaval, coa súa liberación apaixonada dos corpos e o seu feito socioerótico colectivo, celebra unha política que equipara en importancia os desexos cualitativos ás necesidades materiais, rexeitando separar a necesidade material de sobrevivir e os praceres da vida. Pero ata neste contexto político aos que falan de amor non se lles toma en serio. E cando falo de amor non falo das nocións autocentradas de amor romántico que funcionan como un asunto de negocios, como un intercambio entre dúas persoas: senón do amor como un agasallo colectivo, unha extensión do eu para arroupar ao outro, dando corpo á consciencia de que somos seres interrelacionados, conectados a todo e a todos. Elixir o amor é ir en contra dos valores culturais predominantes que ven en cada esquina a guerra hobbesiana de todos contra todos, é rexeitar que a competición sexa divisa das relacións humanas.

No ano que seguiu á celebración do 18-X o grupo que o organizou separouse, en parte debido ás loitas internas. Un pouco máis de amor, un pouco máis de espazo para recoñecer os sentimentos, para falar de desesperación tanto como das nosas esperanzas e goces podería ternos mantido xuntos. Ao observar numerosos grupos radicais desde entón, paréceme claro que se destrúen máis grupos e movementos por causa das débiles dinámicas de grupo e por loitas internas que por culpa da policía. Ao Estado resúltalle máis eficaz xogar co policía que levamos nas nosas cabezas que batérolas con porras.

Os radicais teñen con frecuencia a alma vulnerable. Moitas de nós convertémonos en persoas politicamente activas porque sentimos no fondo a inxustiza ou a devastación ecolóxica. É esta emoción o que provoca un cambio no noso comportamento e nos politiza. É a nosa capacidade para transformar os nosos sentimentos sobre o mundo en accións o que nos impulsa á loita radical. Pero o que parece suceder con frecuencia é que canto máis aprendemos sobre os temas que nos preocupan, cantas máis imaxes de guerra vemos, canto máis experimentamos o caos climático, a pobreza e a violencia cotiá do capitalismo, máis nos endurecemos para non sentir demasiado, porque, aínda que o sentimento pode levarnos á acción, tamén sabemos que sentir demasiado pode conducirnos á depresión e á parálise. Combinemos isto co estrés da represión e a criminalización estatal e entenderemos por que moitos e moitas activistas se colocan unha grosa armadura. Rexeitar os nosos sentimentos convértese nun mecanismo de supervivencia.

Nun estado persoal de tanto autocontrol faise difícil ser aberto, escoitarse a un mesmo e ao resto. O amor faise imposible. Con frecuencia cubrimos esta perda coa ilusión de ser valentes: convertémonos en guerreiras sen medo en defensa do planeta. Pero unha guerreira que é incapaz de sentir e percibir realmente o que ten ao redor pronto acabará morta ou ineficaz. Se non temos medo é porque escapamos dos nosos corpos, esquecendo que estamos feitos de carne e sangue, e porque vivimos na pura abstracción mental. Elixindo amar comezamos a transformar a falta de medo en coraxe: unha palabra relacionada co término francés «coeur», corazón. A coraxe é *sentir* o medo e aínda así decidir superalo porque o teu corazón diche que é o que tes que facer.

Dando corpo ao carnaval

Durante o 18-X os valores do carnaval explotaron na rúa: convivalidade, creatividade, espontaneidade, amor e entrega ao momento presente. Non son estes, con todo, valores facilmente inseribles no noso comportamento e no noso corpo na vida cotiá. Paradoxicamente, moitos dos grupos que organizaban naquel entón accións carnavalescas, accións nas que se lanzaban ás rúas os corpos liberados nun xogo rebelde, nunca incorporaban o xogo nin prestaban atención ao corpo nos seus propios procesos creativos e organizativos: en efecto, o proceso de organización do Carnaval contra o Capital pareciase a calquera outra reunión esquerdista, con grupos de xente sentados en círculo e falando. Todo cabeza e pouco corazón.

Tomar conciencia disto foi o que nos levou a desenvolver a práctica do *rebel clowning* en 2003, traballando cun colectivo informal que acabou coñecéndose como o Clandestine Insurgent Rebel Clown Army (CIRCA)⁹. Mesturando a vella arte do pallaso coas formas contemporáneas de desobediencia civil desenvolvemos unha práctica que intentaba proporcionar ferramentas para transformar e soste a vida emotiva interior dos e as activistas, consistindo, ao mesmo

⁹ Visítese <<http://www.clownarmy.org>>. [O Exército Clandestino Insurgente Rebelde de Pallasos xoga no seu nome, obviamente, coa maneira en que o Exército Zapatista adoita cualificarse a si mesmo acumulando as mesmas denominacións. O acrónimo CIRCA remacha, en inglés, a ironía: “máis ou menos”. O autor, por certo, pouco despois de escribir este texto, desertou deste Exército (NdT)].

tempo, nunha técnica eficaz para exercer a acción directa. Era un modo de dar corpo ao espírito do carnaval coas nosas mentes e músculos.

Os Pallasos Rebeldes introducíamos o xogo no proceso de organización política, practicabamos unha serie de adestramentos que buscaban facilitar que os e as activistas reprogramasen os seus corpos, dando renda solta á súa intuición para atopar ao pallaso no interior dun mesmo: un estado infantil de xenerosidade e espontaneidade. Os nosos adestramentos pretendían arrincar a rixida armadura activista para facer de novo visible a pel e a carne, para atopar ao ser humano vulnerable que se politizou por sentir as cousas en profundidade.

O pallaso (a pallasa) é unha figura cuxa orixe pódese atopar nalgunhas das formas máis antigas de performatividade. Vinculado ao papel que xogan o xamán e o mago, o pallaso foi de varios xeitos ao longo da historia un suxeito a quen se lle outorgou a liberdade de enfrontarse aos tabús e ás verdades da súa cultura, de criticar os principios fundamentais da súa sociedade mentres forma, aínda así, parte dela. É algo que os pallasos se poden permitir porque habitan nun lugar especial, un espazo *entre*, unha estraña terra do ninguén social. O pallaso logra estar simultaneamente no centro e nas marxes da sociedade. É un arquetipo popular que vemos por todas partes, no circo e na publicidade, na rúa e nas festas privadas infantís; recoñéceselle certa sabedoría baixo o seu comportamento idiota. Ao mesmo tempo, o pallaso é un *outsider*, un *freak*; é ridículo. É neste poderoso limiar onde o pallaso habita, un lugar onde se confunden as categorías binarias que o sistema impón.

Facer o pallaso é un estado máis que unha técnica. Na súa raíz, facer o pallaso consiste en deixarse levar, en aprender a enfrontarse a cada situación co grado de apertura e vulnerabilidade que tivemos na infancia. É un estado no que comezamos a valorar o poder que ten mergullarnos na experiencia de vivir sen expectativas fixas. É o estado no que todos e todas crecemos, pero que a sociedade, chegados a un punto, pecha en parques de xogo, en teatros e en circos. É o estado que nos permite aprender do mundo mediante o xogo, sabendo que a diferenza entre a imaxinación e a realidade é sempre unha cuestión opinable.

Armado con bromas e amor, utilizando tácticas que sementen a confusión antes que a confrontación, o CIRCA realizou accións directas de pequena escala como ocupar e clausurar oficinas de recrutamento (pedindo aos soldados unirse ao CIRCA), dar a benvinda a Londres ao presidente Bush disparándolle cun canón galletas da súa marca preferida, aquelas coas que unha vez se atragoou; irromper inesperadamente no estreo dunha película de Johnny Depp facendo que o CIRCA se enfrontase a unha manifestación de "procapitalistas".

Cando o G8 anunciou que a súa próxima reunión sería en Escocia, en xullo de 2005, decidimos darlles a benvinda cun enorme exército de pallasos que iniciaron unha xira por todo o país cunha ridícula campaña de recrutamento, adestrando pallasos en todas as cidades. Instalabamos en prazas públicas a nosa caravana alimentada por enerxía solar, en cuxo lateral se anunciaba a campaña HAHAAHAA (Helping the Authorities House Arrest Halfwitted Authoritarian Androids) [Axudemos ás autoridades a impoñer o arresto domiciliario a estes estúpidos androides autoritarios], na que explicabamos que a nosa pretensión era axudar ás autoridades a construír valas de seguridade o máis altas que fose posible para encerrar no seu interior aos líderes do G-8, protexendo así ao noso propio mundo deses perigosos individuos violentos.

Douscentos pallasos adestrados converxeron en Escocia durante a semana de accións que foi testemuña de fermosos actos de rebeldía pallasas. Había pallasas que debuxaban *smilies* nos escudos da policía antidisturbios, caras riseiras

que logo bicaban cos seus beizos pintados de rosa brillante. Había grupos de policías que, tendo rodeado ao black bloc, apenas podían aguantar a risa mentres un grupiño de pallasos lles cantaba *Banana Splits* ("one banana two banana three banana four"). Había unha ducia de pallasos vestidos con cores rechamantes que se desprazaban ao unísono a través dun campo de cebada despois de tombar a cerca. O momento de goce extático tivo lugar cando un batallón de decididos pallasos marcharon en liña recta atravesando a liña de confundidos policías antidisturbios ata alcanzar a autopista A9 cantando *Love and respect*: foi ese o momento en que algúns policías chegaron a esquecer de que lado estaban, participando nun xogo que acabou cun estrambótico abrazo policías-pallasos.

Pero cando só facía un día do comezo das accións contra o G-8, catro homes de aspecto normal conseguiron deslizar inadvertidamente ao interior do transporte público londinense varias mochilas cheas de explosivos. Unha hora despois fixéronse explotar a si mesmos asinando de paso a outras 65 persoas e ferindo a 700. Londres paralizouse por completo. Todo o traballo que fixeramos durante máis dun ano quedou ensombrecido, dinamitado pola onda expansiva do aumento da seguridade, a represión e a erosión das liberdades civís. Asuntos como o cambio climático, a pobreza, a ditadura dos mercados, todo aquilo no que os movementos traballaran para levar á discusión pública, quedou ensombrecido nun intre.

A irmá dun dos suicidas que levaban as bombas declarou enviar un email ao seu irmán animándolle a seguir adiante coa acción nos seguintes termos: "temos que continuar firmes e lúcidos porque o tempo pasa e non temos tempo para ser débiles nin deixarnos vencer polas emocións"¹⁰. Mentres tanto, nalgún remoto lugar académico, investigacións en neuroeconomía demostraban que "as persoas que sofren certas lesións cerebrais que limitan a súa capacidade de sentir emocións teñen menos medo, aceptan maiores riscos e obteñen máis beneficios que os seus rivais en xogos de risco postos a proba en laboratorios"¹¹. De acordo coa lóxica que comparten o mercado e o terror, o éxito chega a quen teña danada a súa capacidade de sentir.

Acordarse de sentir

Os movementos sociais son como as estacións, teñen as súas primaveras e veráns, os seus momentos de expansión e xurdimento, pero tamén os seus outonos e invernos, tempos de contracción, de lentitude e incubación. Tendemos, como activistas, a querer actuar todo o tempo, e cando non actuamos perdemos aquilo ao redor do cal construímos a nosa identidade. O 18-X foi un momento de intensa actividade global, sentimos que todo parecía posible. Agora as cousas parecen moi diferentes. O noso mundo colapsa ao redor: debemos dedicarnos a construír botes salvavidas que nos permitan escapar da crise?, ou ben a resistir ao estado de guerra permanente?, como facernos cargo dos conflitos sociais que causa a crise petrolífera?, como se actúa mediante o goce contaxioso cando é máis probable que nos paralice a desesperación? O Tao Che Ching pregunta: "Tes paciencia suficiente para esperar a que o barro se asente e a auga se aclare?, para permanecer quedo ata que chegue o momento correcto de actuar?". Poida que sexa durante estes estraños tempos turbios cando o amor resulte máis importante que nunca, o amor como unha práctica da escoita, do coidado, da liberdade.

Mentres cae a tarde ascende a marea do Támesis e o meu paseo deriva cara ás salas de frío mármore da Guildhall Art Gallery. Véxome rodeado por enormes pinturas de marcos

10 Segundo informou a BBC o 6 de outubro de 2005 (<http://news.bbc.co.uk/1/hi/uk/4315896.stm>).

11 Véxase *The Guardian*, Londres, 3 de outubro de 2005.

dourados que representan momentos de pompa e cerimonia que van ter lugar nesta cidade; e xusto aí no medio atópase unha imaxe que me recorda máis que calquera outra ao 18-X. Trátase dunha vista que, mostrando a cidade desde un tellado, abarca exactamente a área onde tivo lugar o noso carnaval. As rúas cheas de xente, cabalos e carruaxes; o fume ascende desde as chemineas. Recordo estar sentado pola tarde, despois do carnaval, bebendo no patio dun pub que se atopa na beira oposta. Quitándonos os disfraces, celebrabamos a xornada mentres observabamos o fume que ascendía por encima da City, algúns destes lumes que foran prendidos cando o festivo mudou en revolta. Os nosos corpos acougaban mentres se disipaba a adrenalina que durante o día fluíra por eles; sentiámonos invencibles. Pero non podíamos ter predito o futuro: nin o xurdimento extraordinario de movementos sociais globais que estaba por chegar, nin este estraño momento no que parece difícil poder reavivar a esperanza.

O título da pintura é *The Heart of the Empire* [O corazón do imperio]. O 18-X fixo que este corazón baixase o ritmo cardíaco. Pero ese órgano insensible é forte, está feito de pedra en lugar de carne, e os seus ritmos de guerra e competitividade infinitas seguen latexando malia estes pequenos estoupidos de resistencia que de cando en vez o perturban. Pero o que é ben seguro é que cando Niels Moeller Lund acabou a súa pintura en 1904 non tiña nin idea de como de irrecoñecible chegaría a ser o Imperio Británico que entón daba por inamovible. Non puido ter predito que unha das súas máis serias fracturas chegaría apenas catorce anos máis tarde cando un home pequeno, que parecía un pallaso semiespido coas súas roupas artesanais de algodón, armado dunha imaxinación extraordinariamente radical, comezou a sementar o descontento en India. Dedicado a desobedecer ao Imperio e a unha vida de amor, a receita ghandiana para combinar creatividade e resistencia, o persoal e o político, imaxinación e acción, medios e fins, resumíuse na súa coñecida afirmación: "sei o cambio que queres ver". Esta interpelación segue sinalando potencialmente que é o máis radical que podemos facer nestes tempos embarrados, rétanos a que fagamos desaparecer a desesperación porque nos esixe que actuemos no aquí e agora, que rexeitemos imaxinar outro mundo no futuro, porque nos esixe paciencia e esperanza. Cravo os ollos nesta pintura e sei que este imperio global caerá da forma máis inesperada por causa, seguramente, da confluencia de numerosas accións aparentemente pequenas. Na miña imaxinación, saco un spray do meu mochila e escribo sobre o lenzo: *o amor romperache o corazón?* En realidade saio da galería, regreso á cidade e doume conta de que quizais volvíu ao que Baudelaire chamou "un mundo no que a acción non é irmá do soño".

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)

① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
[@ cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

3 DE FEBREIRO

Domingo de entroido
(Domingo de carnaval, Edgar Neville, Estado Español, 1945, 77', VO)

10 DE FEBREIRO

O blues segundo Lightnin' Hopkins
(The Blues Accordin' to Lightnin' Hopkins, Les Blank, EUA, 1970, 31', VOSG)
Sempre por pracer
(Always for pleasure, Les Blank, EUA, 1978, 58', VOSG)

17 DE FEBREIRO

A imaxinación radical
(Carnavais de resistencia)
(La imaginación radical (Carnavales de resistencia), Marcelo Expósito, Estado Español, 2004, 60', VO)

24 DE FEBREIRO

Sesión arredor de Canción do sur
(Song of the South, Wilfred Jackson / Harve Foster, EUA, 1946).
Presentación da tese doutoral de María Míguez *Canción del Sur: un film singular de Walt Disney África 50*